



MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA



PRESENTACIÓN DA EXPOSICIÓN TEMPORAL **DOAZÓNS 2015 - 2023**

ORGANIZA: Museo de Belas Artes da Coruña

PATROCINA: Dirección Xeral de Cultura. Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

LUGAR: Sala de Exposicións Temporais

DATA: 30 de maio de 2024

HORA: 12:00 horas



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

DOAZÓNS 2015 - 2023

30 de maio – 15 de setembro de 2024

O Museo de Belas Artes da Coruña da a coñecer, nesta mostra, as importantes doazóns de iniciativa particular que tiveron lugar nos últimos 8 anos e trata de resaltar a xenerosidade dos 16 doantes que aportan á colección do Museo un total de 100 obras de artistas galegos do século XX (excepto dúas obras do século XVII), entre pinturas, debuxos, gravados, escultura e artes decorativas.

Cabe destacar dentro do conxunto, a doazón realizada por dona Elvira Álvarez cun total de 70 pezas, a maior aportación ás colección nos últimos anos. Tamén destaca a doazón do pintor Roberto González Fernández cunha serie de 6 lenzos da súa autoría.

A mostra pódese entender coma unha continuación (ou ampliación) da pequena exposición inaugurada no pasado 2 de maio de 2024, titulada a *Doazón Tomás Barros* ao Museo de Belas Artes, froito da doazón de Araceli e Tomás Barros Cao. Ambas, aínda que independentes no seu formato (espazos de acollida e espazos destinado exposicións temporais), teñen unha conexión temática entre se, o que permítenos establecer un interesante percorrido entre ambas e evidenciar e poñer en valor a sensibilidade e compromiso social dos propietarios quen, nun xesto de xenerosidade e altruísmo non so impulsan as coleccións do Museo de Belas Artes da Coruña senón tamén permiten o enriquecemento do Patrimonio Artístico de Galicia.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

CONTIDO DA EXPOSICIÓN

A exposición organízase por orde cronolóxica das doazóns realizadas desde o ano 2015 ata o 2023. Cada doante está representado xunto coas obras que conformaron a súa doazón, agrupándose estas por autores cando é o caso.

Entre os artistas representados cabe destacar a autores como Joaquín Vaamonde, Sotomayor, Manuel Abelenda, Lago Rivera, Laxeiro, Antonio Tenreiro, Sucasas, Úbeda, Lodeiro, Luguís Vadillo, Roberto González, Xaime Qussada, Francisco Lloréns, etc.

Así mesmo incorpóranse á colección do museo obras de mulleres artistas, destacando a ampla representación de obras da pintora Elena Gago, ademais de obras doutras artistas como María del Carmen Corredoira ou Blanca López.

OS DOANTES

Cómpre destacar aos doantes en agradecemento pola súa xenerosa aportación a este museo:

José Antonio Ozores Souto

Irmáns Vázquez Soler

Herdeiros de Virgilio Rodríguez Rincón

María Jesús Fraga Fernández-Cuevas

Mercedes González-Moro Zincke

Blanca Fernández-Rivera y Aranguren



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

Irmáns Zorrilla Torras

Roberto González Fernández

Araceli e Tomás Barros Cao

Familia Fernández-Argüelles Lobato

Irmáns Elorza Tenreiro

María Rosa Gómez González

Carmen Rodríguez Rojo

Herdeiros de María Teresa Devesa Juega

Ángel Monteoliva Díaz e M^a del Carmen Pereira González

Elvira Álvarez Vega

OS ARTISTAS

Os artistas representados nestas doazóns son autores galegos do século XX recoñecidos artisticamente tanto no panorama galego como no nacional, con obras que abarcan desde os anos 40 do século pasado, con gran presenza de obras dos anos 80 e 90, ata os inicios do século XXI.

A continuación, a relación dos artistas:

Joaquín Vaamonde Cornide

Eduardo Villardefrancos Rodríguez

Fernando Álvarez de Sotomayor

María del Carmen Corredoira y Ruiz de Baro

Alfonso Abelenda Escudero

Manuel Abelenda Zapata

Arturo Baltar Santos



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

Francisco Lloréns Díaz

Antonio Lago Rivera

Blanca López

Laxeiro (José Otero Abeledo)

H. Blanco

Manuel Lage Cagiao

Tomás Barros Pardo

Jorge Castillo Casalderrey

Antonio Murado López

Manuel Pesqueira Salgado

Xaime Quesada Porto

Xaime Quesada Blanco

José Seijo Rubio

Arturo Souto Feijóo

Alfonso Sucasas Guerra

Antonio Tenreiro Brochón

Manuel Torres Martínez

Rafael Úbeda Piñeiro

Miguel Zelada Jurado

Chelín (José Eduardo Martínez González)

Alfonso Costa Beiro

José Luis de Dios Martínez

Julio Fernández Argüelles

Virxilio Fernández Cañedo

Jaime Ozoires Marquina

Elena Fernández Gago

Urbano Lugrís Vadillo

Alejandro González Pascual

Roberto González Fernández



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

BIOGRAFÍAS DE ARTISTAS DESTACADOS

Elena Gago (A Coruña, 1940-2011)

Nacida en A Coruña en 1940, María Elena Fernández-Gago Díaz, autodidacta, comeza a pintar dende nena e seguirá aprendendo pola súa conta aínda que se formará en composición e colorido na Escola de Belas Artes de San Fernando e no Círculo de Belas Artes en Madrid. Durante a súa mocidade, centra o seu interese na paisaxe. Despois, pasará a representar interiores, o que se converterá no eixo de toda a súa obra. Cunha gran preocupación polos efectos lumínicos, nos seus lenzos a luz ilumina ou deixa en penumbra o mobiliario que ocupa as estancias. A maneira de aplicar a cor, con ceras e cunha técnica próxima ao puntillismo, permítelle case esvaecer o perfil dos obxectos e crear a atmósfera de silencio que caracteriza as súas composicións.

Xaime Quessada (Ourense, 1937-2007)

A Xaime Quesada Porto considéraselle un dos artistas máis polifacéticos do ámbito galego pola súa dedicación a variadas disciplinas artísticas, pintura, gravados, murais ou posters. A súa inquietude artística fíxolle trasladarse a Madrid para formarse na Academia de Belas Artes de San Fernando. Foi compoñente do Grupo O Volter, nome da taberna na que se reunían en Ourense artistas como José Luis de Dios e o escultor Acisclo, e que foi alcumado como Os artistíñas por Vicente Risco pola súa mocidade. A través das súas viaxes coñeceu e cultivou a través de pinturas, acuarelas e gravados, todas as tendencias de vangarda da arte internacional, abstracción, surrealismo, etc. No ámbito do gravado, que estudou en París e Florencia, manexou todas as técnicas. Foi membro da Asociación cultural Ou Galo e participou con Reimundo Patiño na fundación do grupo de gravado Estampa Popular Galega. Ademais, levou a estampa ao universo do cartel, converténdoa nun medio de ampla difusión usando a linguaxe do pop art.

Antonio Tenreiro Brochón (A Coruña, 1923-2006)

Fillo do arquitecto do mesmo nome é un pintor practicamente autodidacta e un dos artistas galegos de maior vocación internacional, viaxando por múltiples países de Europa, cuxos paisaxes se van a converter en fonte esencial para todas as súas acuarelas e gouaches. Tenreiro estudaría na Escola de Arquitectura en Madrid, graduándose en 1952, á vez que asistía en



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

ocasións ás clases de Espido do pintor Benedito. Desde moi cedo, ente 1950 e 1955, cando traballa basicamente con augadas, comezará a obter premios polas súas acuarelas. Xa nestes primeiros momentos denotaríase unha clara paixón polas correntes francesas, residindo en distintos momentos en París, durante os anos cincuenta e sesenta, pero visitando tamén Suíza, Austria, Países Baixos ou Alemaña, expoñendo en distintas cidades e traballando nun estudo de arquitectura en Suecia. Aséntase con todo na Coruña, o que non lle impedirá seguir viaxando e realizando exposicións. Posteriormente, durante os setenta, centrará a súa creación pictórica na técnica do óleo. Ao longo dos anos van ser preponderantes na súa obra as paisaxes: imaxes das mariñas galegas e de campos ou montañas. Aínda que tamén pintará bodegóns, retratos e autorretratos, todo dunha clara influencia francesa, achegándose a miúdo aos pintores fauves, especialmente no cromático. En xeral, debemos destacar a súa mestría no traballo da cor, que se irá suavizando progresivamente ao longo da súa carreira como pintor, á vez que pasará por distintos momentos, tendendo máis ao sombrío, ao fauvista, ou o luminista.

Roberto González Fernández (Monforte de Lemos, Lugo, 1948)

Nace nun ambiente familiar receptivo ás artes e o seu interese polo debuxo e a pintura vese estimulado desde moi cedo. Desde 1967 cursa na Coruña os seus estudos preuniversitarios, á vez que asiste a clases na Escola de Artes e Oficios. Comeza á súa vez a súa carreira artística baixo o pseudónimo Rubianes, cunha exposición individual na mesma cidade con apenas vinte anos de idade. En 1968 trasládase a Madrid, onde estudará Belas Artes en San Fernando, para logo desprazarse a Edimburgo en 1977. É un dos grandes mestres galegos do hiperrealismo, González é pintor, pero tamén traballa o gravado, a calcografía e o debuxo. Céntrase nunha forma de realismo abstracto, dando mostra dunha certa relación coa línea de autores como Giorgio de Chirico ou mesmo o surrealismo. E é que a súa obra tende a un realismo moi exacto, no formal, pero xerando un clima certamente onírico, inquietante e misterioso. Todo iso en cores neutras, gamas limitadas, cunha enorme nitidez e precisión das figuras, á maneira de Salvador Dalí, ou con elementos como ceos definidos, que nos levan ao propio René Magritte. A obra de Roberto González, sen dúbida, ha de verse como un testemuño da súa vida, a pesar das referencias e as proximidades a outros autores, e é que o autobiográfico é un elemento caracterizador de todo un corpus de pezas enormemente individualista.

XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

Fernando Álvarez de Sotomayor (Ferrol, A Coruña, 1875 – Madrid, 1960)

Sendo neno trasládase coa súa familia fóra de Galicia, realizando estudos de Belas Artes na Academia de San Fernando en Madrid. En 1899 gana a pensión artística para ampliar estudos en Roma durante catro anos, o que lle permite realizar viaxes a Bélxica, Holanda e París que tanto influirán na súa concepción da pintura, para a que tomará como referentes os flamengos do renacemento, os pintores do barroco, Rubens, Frans Hals, Rembrandt e os impresionistas franceses. Na Exposición Nacional de 1906 recibe a primeira medalla pola súa obra *Os avós*. Entre 1908 e 1915 desempeñou un importante labor docente na Escola de Belas Artes de Santiago de Chile da que foi director.

De volta en España instálase en Madrid, noméano pintor oficial da Familia Real. Sotomayor, que xa recibira moitos galardóns artísticos, é un pintor de gran renome nos ámbitos oficiais e académicos. Na Exposición de Arte Gallego da Coruña en 1917 presenta unha das obras de máis fama dentro de tema costumista, de xénero, Comida de voda en Bergantiños. En 1922 noméano membro de número da Real Academia de Belas Artes de San Fernando e ese mesmo ano ocupa o cargo de director do Museo del Prado no que permanecerá ata 1931, retomándoo en 1939 cando finaliza a guerra civil ata o seu falecemento en 1960.

Sotomayor cultivará varios xéneros pictóricos: A mitoloxía, o retrato, escenas relixiosas e temas costumistas para os que toma Galicia como referente artístico, convertíndose nun dos máximos expoñentes pictóricos do rexionalismo artístico galego. O pintor terá especial relación coa Coruña durante as súas estancias vacacionais en Galicia e na máis prolongada que se produce entre os anos 1931 e 1938 por mor dos acontecementos políticos nacionais. Na súa última etapa, cunha traxectoria consolidada e convertido nun pintor de éxito, alterna as actividades no Museo do Prado cos múltiples encargos da burguesía do momento, especialmente retratos.

Debemos lembrar que a súa figura está unida á historia do Museo de Belas Artes da Coruña xa que como delegado de Belas Artes, as súas xestións desembocaron en 1937 na consecución da primeira sede que albergaría o Museo, o edificio do Real Consulado Marítimo. Sotomayor ocupou a dirección desta institución no ano 1938, establecendo ademais unha sólida amizade con José Seijo Rubio, pintor e gran impulsor da creación do museo.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

CATÁLOGO DA EXPOSICIÓN

Publicarase un catálogo co título ***Doazóns 2015-2023.***

PÁXINA WEB

No seguinte enlace ofrecerase información sobre a mostra xunto cunha selección dos autores representados nela e as súas obras.

→ [DOAZÓNS 2015 - 2023 | Museo de Belas Artes da Coruña \(xunta.gal\)](#)



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES